

LINGUA GALEGA

TEXTO

O que daría eu por ser libre. Como o é ela. As mulleres coma min nunca o fomos, fillo. Eu nunca fun coma Marina. Pensas que algunha vez puiden dicir o que pensaba? Pensas que Caride se preocupou algunha vez de consultarme algo? Pensas que as mulleres coma min soñamos algunha vez con ser coma Marina? Non, fillo, non. **O mundo era deles. Dos homes.** As mulleres coma min, nunca decidíamos nada. Ben, decidíamos cousas como que se comía ao mediodía (se non era domingo), ou a cor do papel pintado do salón. Coido que a única decisión importante da miña vida foi impoñerme ao teu pai para que foses a Santiago.

Nunca puiden decidir nada, Manuel. Nunca pensei en traballar fóra da casa. Nunca tomei un café nun bar. Nin saín da casa soa, agás para ir ao mercado. Non tiña amigas. Só coñecidas. Deume a vida a túa tía Dorinda. O que me aturou.

Déchesme a vida ti, Manuel.

Así que agora vexo esa foto e penso que agora son máis feliz. Eu decido o que fago. Se entro, se saio. O que como. Se traballo no comedor ou non. Se tomo un café na da veciña. Fago o que me peta. E que non me veñan con nostalxias.

Eu quérome así. Con setenta e cinco anos. Soa. Na miña casa. A dispoñer da miña pensión de viúva. Fago o que me peta. Con quen me peta.

Morrer, morro.

Pero esta sensación de liberdade, esta, xa non ma quita ninguén.

E iso é todo o que che quería dicir, fillo.

Arantza Portabales. *Deixe a súa mensaxe despois do sinal* (adaptación).

CUESTIÓNS

1. Explique brevemente o significado das seguintes expresións do texto (marcadas en negra): (1 punto).
 O mundo era deles. Dos homes.
 Eu quérome así.
2. Escriba un título e un resumo do texto (2 puntos).
3. Indique a que clase de palabra pertencen as subliñadas no seguinte enunciado tirado do texto: “As mulleres coma min nunca o fomos, fillo” (1 punto).
4. Analice as funcións sintácticas principais (complementos do verbo principal) das dúas seguintes oracións. Non é necesario que analice os seus compoñentes (2 puntos).
 Nunca tomei un café nun bar.
 Deume a vida a túa tía Dorinda.
5. A protagonista do texto compárase con Marina, unha muller máis nova ca ela, pertencente a outra xeración. Redacte un texto no que reflexione sobre o concepto de liberdade e como pode mudar duns lugares a outros e dunhas épocas a outras (4 puntos).